



# Bases do certame de fotografía Creative Commons FreeLens 2011

## Obxetivos e Tematica

- O obxectivo do concurso é, aproveitando o boom que está sufrindo a fotografía, que os autores publiquen as súas creacions baixo **licencias libres Creative Commons**.
- Tamen queremos dar a aquelas persoas menos experimentadas a oportunidade de que as súas obras sexan valoradas por un xurado profesional.
- Ademáis, brindarase ós autores a posibilidade de que as súas obras sexan vistas nunha exposición pública, dandolles máis impacto.
- A tematica das fotografías será libre e a elección do autor.

## Participantes

- Pode participar calquera persoa maior de idade sexa ou non residente en Galiza.
- No caso de que o participante sexa menor de idade necesitará un consentimento de pai/nai/titor.

## Xurado

- Será presentado na web (<http://www.inestable.org/freelens>) antes do 20 de xullo.
- Estará constituído por xente allea a Inestable e algún dos socios desta asociación.

## Condicións Xerais

- O participante debera ser o autor da fotografía presentada.
- Estas poderan estar modificadas por algún software de fotografía.
- Deben de ser obras **baixo licenza Creative Commons**. (<http://es.creativecommons.org/>)
- Número máximo de fotos por participante: 4 fotos en total ( podense repartir como se queira nas diferentes categorías )

## ¿Qué é FastLens?

FastLens e un tipo de miniconcurso creado dentro do Freelens o cal ten como obxectivo e premiar a instantaneidade e a orixinalidade das fotografías nun intervalo pequeno de tempo.

A base deste concurso sera a seguinte:

- O venres 22 de xullo propoñerase unha tematica sobre a cal se deben basar as fotografías, tendo de prazo para presentalas ata o martes 26 de xullo ás 23:59h da noite.
- A tematica destas fotografías estaran ligadas a cousas que sexan tema de interese neses dias.
- A gracia do concurso consiste en que a diferenza do freelens, as fotos van a ter que ser sacadas a proposito eses dias para esa tematica.

## Categorías e Premios

Nas fotografías recibidas a concurso, diferenciarase entre as seguintes categorías:

- Categoría xeral: Aquí entrarán todas as fotos presentadas a concurso, entre as que se escollerá a mellor, que será premiada con 300€.
- Mellor retrato: Fotografía na que o principal elemento é unha persoa ou grupo de persoas. A mellor será premiada con 100€.
- Natureza: Nesta categoría entrarán todas as fotografías que teñan como tema principal a natureza, xa sexa un paisaxe ou algún elemento natural. Será premiada a mellor con 100€.
- FastLens: O premio do fastlens, explicado no punto anterior, entregará 100€ á mellor fotografía presentada e que cumpla os requisitos.

Os premios faranse públicos e entregaranse durante a gala do festival Cinestable o venres 5 de agosto de 2011

## Formatos e tamaños aceptados

- Formatos dixitais: jpg, png, raw e tiff.
- Formato analóxico: En papel fotográfico, xa sexa mate ou brillante. Pode ser entregada xa con cartón pluma para a exposición.
- Calquera tamaño e medida de fotografía é aceptado, pero recoméndase que sexa do maior tamaño e resolución posible, posto que no caso de ser elexida para a exposición, a calidade é un factor importante.

## Lugar e Modo de Presentación

- Non será necesario inscribirse previamente.
- O prazo de entrega de obras (a excepción de FastLens) rematará o **29 de xullo de 2011 ás 23:59h da noite**.
- Entrega **dixital**, enviando as tuas fotografías a [freelens@inestable.org](mailto:freelens@inestable.org) indicando:
  - Nome do concursante.
  - Data de nacemento
  - Sobrenome non identificativo (no caso de non querer facer público o seu nome ó xurado).
  - Título da fotografía.
  - Teléfono de contacto.
  - Cláusulas da licenza Creative Commons: Dado que as fotografías deben estar licenciadas baixo esta licenza, débese especificar que cláusulas teñen asociadas:
    - BY - Recoñecemento da autoría da obra.
    - NC - Non utilizar de maneira comercial.
    - SA - Publicar baixo as mesmas condicións.
    - ND - Non crear traballos derivados desa obra.
  - Pequena descripción da obra ou sinopse da mesma, un parágrafo no que se capte a esencia da fotografía, para as posibles exposicións pública da fotografía.
- Entrega por **correo convencional**:
  - Debe adxuntarse un documento coa mesma información que se

solicita na entrega dixital.

- ATT:Asociación de usuarios de GNU/Linux de Ordes  
Concello de Ordes OMIX  
Rúa Alfonso senra 108  
Ordes (A Coruña)  
CP: 15680

## Proxección Pública

- As fotografías participantes serán expostas unha vez rematado o concurso no centro comarcal de Ordes aberto ao público.
- A exposición realizarase durante o mes de setembro de 2011.
- O xurado e a Asociación decidirán as mellores fotografías a expoñer (no caso de non haber espazo para todas).
- A Asociación Inestable pode utilizar as obras en futuras exposicións ou actos.

## Responsabilidade e Conformidade

- A AC Inestable non se fai responsable dos contidos así como da perda ou deterioro das obras.
- A organización reservase o dereito de utilizar o material para exposicións ou publicidade do concurso recoñecendo sempre ao autor.
- Estas bases son as oficiais do certame FreeLens 2011, salvo erro tipográfico.
- A Asociación Inestable reservase o dereito de realizar modificacións nestas bases, comunicandollas ós participantes, antes de rematar o prazo de entrega de obras.
- Inestable é unha asociación sen ánimo de lucro.
- Tamen se reserva o dereito de excluír do concurso aquelas fotografías que consideremos que poden ofender a sensibilidade dalquen ou que conteñan motivos racistas ou despreciativos, así como calquera fotografía que non cumpla os requisitos do certame.

## Patrocinio e colaboradores

Freelens é unha actividade organizada pola Asociación de Usuarios de Linux “inestable.org”.

Esta actividade forma parte das actividades que Inestable desenvolve ao abeiro do Convenio de Colaboración das AGUSL coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia incluído dentro do Plan de Acción FLOSS 2011.

O Concello de Ordes colabora na organización de Freelens.